

CONCELLO DE
OLEIROS

BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE. ANO 2019.

I.- Bases reguladoras e financiación.

Convócase a concesión de subvencións por parte do Concello de Oleiros a entidades sen ánimo de lucro do Concello, ao abeiro e complementariamente coas **Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros**, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2019.

A concesión das subvencións imputarase ás seguintes aplicacións, e ata os límites que se detallan:

- 2019/80.3340.48900 (*Cultura. Promoción cultura. Outras transferencias a Entidades*). - 48.000 euros.
- 2019/80.338.48900 (*Cultura. Festas populares. Transferencias correntes a Entidades*). - 3.000 euros.
- 2019/82.3260.48905 (*Ensino.Serv.complem. Transf.ctes.APAS e colexios*).- 135.000 euros.
- 2019/81.341.48903 (*Deportes. Promoción e fom.. Transferencias entidades deportivas*).- 87.200 euros.

Unha vez que sexan concedidas as subvencións e despois de comprobar que nalgunha das aplicacións sinaladas non se ten agotada a cantidade máxima orzamentada, se fose necesario para atender a todas as solicitudes, poderase variar o importe máximo, traspasando fondos entre as aplicacións, e tramitando a correspondente modificación orzamentaria de transferencia de crédito se fose necesario. O órgano concedente poderá ordear a estes efectos a liberación dos saldos restantes nas aplicacións que corresponda.

1

II.- Obxecto e finalidade da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades culturais, educativas, deportivas e xuvenís, coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio, contribuír a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega, así como apoiar ás entidades sen fins de lucro na realización de actividades deportivas, con atención especial ás entidades que desenvolvan e potencien as súas actividades deportivas nas categorías inferiores ou de base.

O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.

Quedan excluídas desta convocatoria os eventos relacionados coa caza, coa pesca ou actividades a motor.

Poderán ser subvencionadas as seguintes actividades ou gastos, que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

1) Entidades veciñais, culturais e sociais

Organización de actividades culturais: cursos, obradoiros, celebracións tradicionais, viaxes e intercambios culturais, eventos e festivais dos diferentes campos da cultura, conferencias, etc.

2) Entidades socioeducativas (Centros de Ensino Públicos e as súas ANPAs)

→ Centros educativos: viaxes, obradoiros e actividades de carácter cultural, eventos, celebracións conmemorativas, actividades educativas complementarias, materiais didácticos.

→ ANPAS: actividades extraescolares, viaxes culturais, festas conmemorativas e eventos de carácter socio-cultural ou deportivo.

En todos os apartados anteriores serán gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos de persoal para a dirección, coordinación e monitorado das actividades.
- Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
- Gastos de mantención e aloxamento en caso de intercambios de grupos folclóricos ou artísticos.
- Material didáctico.
- Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades (palcos, carpas, tarimas, amplificación, etc).
- Contratación de artistas.
- Gastos de publicidade.
- Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
- Transportes.
- Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.

2

3) Comisións de Festas e entidades organizadores das festas patronais.


Organización das festas patronais: gaiteiros e grupos de música tradicional, aluguer de elementos precisos para a realización das actividades (palcos, carpas, tarimas, amplificación, xogos infantís, etc) e pólizas de seguro.

No caso de que unha entidade veciñal, cultural e social ou deportiva sexa a organizadora da Festa patronal, poderá optar a esta convocatoria tanto para a realización das actividades como para o desenvolvemento da festa, debendo neste caso presentar dúas solicitudes independentes.

En relación coas entidades sinaladas nos parágrafos 1, 2 e 3 non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables os derivados da organización de xantares (agás os gastos de mantemento sinalados no parágrafo anterior), eventos gastronómicos, luz, auga, teléfono, adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo, e outros de mantemento dos locais, así como os de limpeza, ou outros asimilables.

4) Entidades deportivas

Organización de actividades deportivas: escolas, cursos, competicións, campus deportivos, etc. Así como participación dos seus equipos ou deportistas en competicións oficiais.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Serán gastos subvencionables os seguintes:

- a) Custes de monitorado e adestradores/as das actividades ou cursos.
- b) Licenzas federativas.
- c) Mutualidades.
- d) Inscripcións en competicións oficiais.
- e) Arbitraxes.
- f) Transporte para asistir a competicións ou actividades.
- g) Manutención e aloxamento para asistir a competicións.
- h) Material deportivo non inventariable.
- i) Alugueres de instalacións para adestramentos ou competicións organizadas pola entidade solicitante.
- j) Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
- k) Material funxible empregado no desenvolvemento das actividades.
- l) Gastos publicitarios.
- m) Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.

Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables: adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo, gastos de mantemento ordinario: teléfono, luz, auga, etc., gastos derivados da organización de xantares (agás os sinalados na letra g) do parágrafo anterior), eventos gastronómicos, ou outros asimilables.

III.- Requisitos dos beneficiarios.

Poderán solicitar subvencións ao abeiro das presentes bases os Centros de Ensino Público de 2º ciclo de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de Oleiros e as súas ANPAS, así como as entidades veciñais, deportivas, culturais, xuvenís e outras entidades sen ánimo de lucro, que cumplan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2018, agás os Centros de Ensino Públicos.
- c) Ter un número mínimo de trinta e cinco socios, agás os Centros de ensino e as entidades cuxa única finalidade sexa a organización das festas patronais.
- d) Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.
- e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- f) Estar ó corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Xunta de Galicia e co Concello de Oleiros, así como coa Seguridade Social.
- g) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado na data de remate do prazo para a presentación de solicitudes.
- h) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil.

A ausencia dalgún dos requisitos enunciados no parágrafo primeiro deste artigo implicará a desestimación da solicitude sen máis trámite.

IV.- Solicitudes

- 1) Lugar e prazo de presentación.- As solicitudes deberán presentarse ante o rexistro xeral de entrada de documentos sito no Centro Cultural "A Fábrica" no modelo

normalizado que se inclúe como anexo 1A/1B/1C da presente convocatoria.

O prazo para a solicitude abranguerá desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ata o 30 de setembro.

2) Documentación.- Á solicitude xuntarase a documentación que a seguir se relaciona:

2.1. Todas as entidades

- a) Fotocopia do CIF da entidade e DNI do representante.
- b) Anexo 1A/1B/1C.- Solicitude. Cada entidade deberá presentar o formulario que lle corresponda, segundo a súa natureza.
- c) Anexo 2.- Declaración das outras subvencións solicitadas para o mesmo fin.
- d) Anexo 4.- Declaración e compromisos do Presidente.
- e) Memoria explicativa das actividades levadas a cabo pola entidade no ano anterior ao da presentación da solicitude de subvención.
- f) Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.

Os documentos sinalados nos apartados a), e) e f) non terán que presentalos as entidades que xa achegaran estes documentos por ter solicitado subvención no ano 2018, sempre que non houberse variación ningunha nos datos.

2.2 As entidades culturais, deportivas, Clubs de fútbol, ANPAs e Comisións de Festas, ademáis:

- Anexo 3.- Certificación de representación e nº de socios.


3) Autorizacións.- A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano instrutor para realizar de oficio as consultas de se a entidade se atopa ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

V.- Concesión.

- 1) A concesión de subvencións á que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.
- 2) As subvencións serán concedidas por acordo da Alcaldía, a proposta da Instrutora, que será a Concelleira delegada de Deportes. En caso de ausencia, será instrutora do procedemento a Concelleira delegada de cultura.
- 3) O acordo deberá adoptarse no prazo de tres meses dende que rematara o prazo



para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

- 4) Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración composta por:

- Presidente: A Concelleira delegada de deportes.

Suplentes (por este orde):

- A Concelleira delegada de cultura e normalización lingüística.
- A Concelleira delegada de ensino e xuventude.

- Vocais:

- A Concelleira delegada de cultura e normalización lingüística.
- A Concelleira delegada de ensino e xuventude.

Suplentes (por este orde):

- Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- Concelleiro delegado de Servizos Municipais.

- Secretario/a: -Unha das auxiliares administrativas da Asesoría Xurídica de Cultura, Ensino, Deportes, Formación, Emprego e Xuventude; en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

O quorum necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten a presidente e a secretaria.

5

A comisión de valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

- 5) Efectuada esta avaliación, o órgano instructor formulará a proposta de resolución, que presentará á Alcaldía.
- 6) A concesión deberá ser notificada aos beneficiarios. Asemade, publicarase na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Centro Cultural "A Fábrica" e no do Concello a relación das subvencións concedidas, nos términos previstos no artigo 18 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A notificación poderá ser efectuada mediante a remisión dun correo electrónico ao enderezo sinalado pola entidade na súa solicitude a estes efectos. A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán todas as comunicacións.

VI.- Contía das subvencións.

- 1.- Con carácter xeral, a contía das subvencións que se concedan non excederá dos importes que se relacionan a continuación:
- a) Centros de ensino públicos.-13.500 euros
 - b) Asociacións de nais e pais dos centros de Ensino Públicos.- 32.500 euros.
 - c) Entidades culturais.- 6.000 euros.
 - d) Comisións de Festas.- 1.500 euros.

- e) Entidades que se adiquen á práctica do fútbol.- 9.000 euros
- f) Demáis entidades deportivas .- 6.000 euros.

2.- As contías a conceder determinaranse do seguinte xeito:

- a) Centros de Ensino Públicos:
 - × Por cada unidade de educación infantil: 250 euros.
 - × En función do nº de alumnos do centro: 14 euros por alumno .
 - × En función do nº de participantes na excursión de fin de etapa de educación secundaria obrigatoria : 70 euros por alumno.
 - × En función do nº de participantes na viaxe obrigatoria do alumnado de *Bachibac*: 70 euros por alumno.
- b) Entidades que se adiquen á práctica do fútbol.- límites por equipo:
 - × 1ª autonómica (aficionados): 2.200 euros.
 - × 2ª división galega feminina: 2.200,00 euros.
 - × 2ª autonómica (aficionados): 1.800,00 euros.
 - × 3ª autonómica (aficionados): 1.600,00 euros.
 - × Liga feminina fútbol 8 (A Coruña): 650,00 euros.
 - × Autonómica 1ª e 2ª (xjuvenís): 650,00 euros.
 - × Autonómica 1ª e 2ª (cadetes): 550,00 euros.
 - × Autonómica 1ª e 2ª (infantís): 550,00 euros.
 - × Autonómica 1ª e 2ª (alevíns): 550,00 euros.
 - × Autonómica 1ª e 2ª (benxamíns): 550,00 euros.
 - × Autonómica 1ª e 2ª (prebenxamíns): 550,00 euros.

Dado que o ano natural abrangue parte de dúas temporadas, os importes sinalados ratearanse por 10 meses, de xeito que a contía da subvención calcularase en función das categorías nas que se compita entre xaneiro-xuño e setembro-décembro.

Nas tres últimas categorías só se concederá o importe correspondente a un segundo equipo cando a entidade acredite que ten federados como mínimo 24 deportistas na categoría.

- c) Demáis entidades: en función da aplicación dos criterios de valoración que se establecen na base VII.

3.- O importe máximo destas subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.


VII.- Criterios de selección

1.- A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez considerada a adecuación das actividades e investimentos que se pretenden realizar ás finalidades desta convocatoria.

2.- Valoración das solicitudes.-

2.1. Entidades culturais, deportivas, sociais e ANPAs

Valoraránse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:



- a) Grado de interese social da entidade e utilidade cidadá das actividades.- 40 puntos.
- b) A coordinación e complementariedade cos programas municipais.- 20 puntos.
- c) Organización e desenvolvemento de actividades deportivas e culturais autóctonas.- 10 puntos.
- d) Representatividade e participación.- 10 puntos
 - × Número de socios e/ou participantes directamente nas actividades.
 - × Potencial número de beneficiados indirectamente polo programa ou actividade.
- e) Financiamento da actividade.- 10 puntos
 - × Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade
- f) Permanencia da actividade.- 10 puntos
 - × Carácter continuado e non ocasional do proxecto
 - × Número de actividades realizadas no ano anterior

2.2.- Entidades que se adiquen á práctica do fútbol.- as contías a conceder terán un importe fixo para cada categoría en función da liga na que compitan.

2.3.- Centros de Ensino Público, as contías a conceder determinaranse en función do número de unidades de educación infantil, nº de alumnos do centro, nº de participantes na excursión de fin de etapa de educación secundaria e nº de participantes na viaxe obrigatoria de *Bachibac*.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

VIII.- Obrigas do beneficiario.

- 1) Ademais das obrigas que se detallan no artigo 8 das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros, as entidades beneficiarias destas subvencións deberán comprometerse a facer constar na totalidade da publicidade que realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros.

En todo caso, nos carteis, páxinas web ou outros medios que se utilicen, deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Oleiros xunto co anagrama deste. Asimesmo as entidades que teñan páxina web deberán publicitar na mesma a concesión da subvención e o seu importe no momento que o coñezan.

En caso de que non se fixese publicidade impresa, nen se utilicen medios informáticos para publicitar as actividades, deberá fixarse no local social, por un período mínimo dun mes, un anuncio onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe. O xeito de acreditar o cumprimento da obriga, neste caso, será mediante unha certificación do Secretario da entidade, co visto e praxe do presidente, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición,

acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.

- 2) Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

Asemade, deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.


- 3) O beneficiario poderá subcontratar total ou parcialmente con terceiros a actividade subvencionada.

De acordo co previsto no artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere os 18.000 euros, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega dos bens, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis ventaxosa.

En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades ou conceptos subvencionados con:

- a) Persoas ou entidades que percibiran outras subvencións para a realización da actividade obxeto de contratación.
- b) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concurran as seguintes circunstancias:
 - 1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado. A estes efectos deberanse acompañar tres orzamentos de empresas debidamente capacitadas para a prestación do servizo, así como a solicitude de orzamento que se lles remitiu ás empresas, co suficiente grado de detalle para que as mesmas podan formular a súa oferta e, no seu caso, a administración comprobar o valor de mercado.
 - 2ª. Que se obteña a previa autorización do órgano concedente, para o cal deberá procederse do seguinte xeito:
 - solicitar a autorización mediante instancia dirixida ao órgano concedente, na que se especifique o nome e CIF da entidade que se vai subcontratar.
 - Acreditar que o obxecto social da empresa ou entidade contratada é acorde ao servizo que se contrata. A estes efectos deberse acompañar copia cotexada da escritura pública ou documento similar onde conste o obxecto social.
- c) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.
- d) Empresas ou entidades nas que algún dos seus cargos directivos coincida cos da entidade contratante.
- e) Persoas físicas que formen parte da Xunta directiva da entidade contratante.



IX.- Xustificación.

- 1) O prazo para a presentación da xustificación rematará o 28 de febreiro de 2020.
- 2) As xustificacións deben presentarse **necesariamente** no rexistro xeral de entrada de documentos sito no Centro Cultural "A Fábrica".
- 3) O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.
- 4) Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.
- 5) No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.
- 6) Documentos que deberán aportarse á conta xustificativa:
 - a) Anexo 5.- Certificación do secretario da entidade das actividades subvencionadas e efectivamente realizadas, na que debe constar asemade:
 - relación detallada de todas as subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, ou declaración responsable de non ter obtido ningunha, se é o caso.
Se as subvencións solicitadas estivesen pendentes de resolución no momento de presentación da xustificación ante o Concello, as entidades deberán achegar dito dato no intre en que o coñezan, aínda que sexa posterior a dita xustificación.
 - os ingresos que xere a propia actividade subvencionada ou outros ingresos afectados á mesma. Especialmente, en caso de que fosen subvencionados gastos de adquisición de bens destinados á venda (por exemplo, equipacións que deban pagar os deportistas), deberá facerse constar expresamente o ingreso obtido por dita venda.
 - b) Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - c) Acreditación da publicidade feita.- Deberá aportarse a documentación oportuna acreditativa de que as actividades subvencionadas foron publicitadas de acordo co disposto no parágrafo VIII.a) destas bases.
 - d) Facturas orixinais de gasto ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.

Os documentos orixinais presentados marcaranse cunha estampilla, indicando que os mesmos foron presentados para a xustificación da subvención concedida polo Concello de Oleiros, despois do cal serán cotexados no Rexistro e devoltos á entidade correspondente. Os centros de ensino públicos poderán presentar os documentos cotexados polo funcionario do centro que teña atribuída a facultade de compulsa, non sendo preciso neste caso o estampillado devandito.

Todos os documentos descritos deberán ter data do ano 2019 e deberán cumprir os requisitos esixidos pola normativa reguladora do I.V.E., o I.R.P.F. e de expedición de facturas.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse –no lugar das facturas coas que se xustificaran ditas subvencións- certificación da Administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

7) Os clubs de fútbol, ademáis achegarán:


- a) certificado expedido pola Federación Galega de Fútbol no que conste:
- número de equipos e as categorías nas que competiron no período xaneiro-xuño da temporada 2018-2019.
 - número de equipos e categorías nas que competirán a partires do mes de setembro (temporada 2019-2020).
 - En caso de que fose outorgada subvención para un segundo equipo nas categorías *alevíns*, *benxamíns* e *prebenxamíns*.- número de deportistas federados na categoría correspondente.

8) Xustificación do pagamento dos gastos subvencionados:

- a) Deberán aportarse os seguintes documentos para xustificar o efectivo pagamento dos gastos xustificadas:
- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
 - No caso de pagos con tarxeta de crédito.- resguardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.
- b) Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.
- c) Os clubs de fútbol deberán aportar, xunto con cada pagamento á federación, os boletíns de alta na Mutualidade que se inclúen no mesmo.

X.- Incumprimento das condicións.

- 1) Ás entidades que non acrediten o cumprimento do compromiso de facer a súa publicidade en galego efectuaráselles unha rebaixa do 5 por cento do importe concedido, o que se fará efectivo na liquidación definitiva das cantidades que lles correspondan.



- 2) Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos no artigo 11 das *Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros*.
- 3) Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.
- 4) En caso de que non fosen realizadas todas as actividades para as que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade concedida, que será proporcional á diminución do custe das actividades, tomando como base a previsión de gastos que se detallaban na solicitude.

XI.- Pago.

Unha vez outorgada a subvención poderase anticipar o 60 por cento da mesma, a solicitude da entidade beneficiaria.

O 40 por cento restante aboarase unha vez que fora xustificada a totalidade da subvención concedida.

XII.- Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexerese supletoriamente polas Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2019; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

=====

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE. ANO 2019.

FORMULARIO PARA ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS (AGÁS CLUBS DE FÚTBOL), ANPAS E COMISIÓNS DE FESTAS.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome: _____

CIF: _____ Teléfono/s: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Código postal: _____

Nº de inscrición no Rexistro Municipal de Entidades: _____

Número de persoas asociadas á entidade: _____

Enderezo electrónico a efectos de notificacións: _____

DATOS DA SUBVENCIÓN

Presuposto das actividades para as que se solicita subvención: _____

Contía solicitada: _____

Actividades para as que se solicita subvención:

Prioridade	ACTIVIDADE

DATOS DO/DA REPRESENTANTE

Nome e apelidos: _____


N.I.F.: _____ Teléfono/s: _____

Relación coa Entidade : _____

DATOS BANCARIOS

Entidade bancaria: _____

Nº de conta: _____



**CONCELLO DE
OLEIROS**

PRIORIDADE Nº _____

NOME ACTIVIDADE:	
Descrición da actividade. Interese e obxectivo que persegue	
Data/s de realización:	
Anos anteriores nos que se realizou	
Nº de participantes:	
Orzamento estimativo de gastos:	
Previsión de obtención doutras subvencións:	
Previsión de ingresos propios para a actividade	
Importe de subvención solicitada:	

Lugar e data: _____

Sinatura do solicitante

Asdo: _____

(Nome, apelidos e cargo na entidade)

Cópiese esta folla tantas veces como sexa necesario

ANEXO 1B

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE. ANO 2019.

FORMULARIO PARA CENTROS DE ENSINO.

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO

Nome: _____

CIF: _____ Teléfono/s: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Código postal: _____

Número de estudantes matriculados no curso 2019-2020 (data solicitude): _____

Nº de unidades de educación infantil: _____

Enderezo electrónico a efectos de notificacións: _____

DATOS DA SUBVENCIÓN

Presuposto das actividades para as que se solicita subvención: _____

Contía solicitada: _____

Actividades para as que se solicita subvención:

Prioridade	ACTIVIDADE

DATOS DO/DA REPRESENTANTE DO CENTRO (DIRECTOR/A)

Nome e apelidos: _____


N.I.F.: _____ Teléfono/s: _____

DATOS BANCARIOS

Entidade bancaria: _____

Nº de conta: _____

PRIORIDADE Nº _____



**CONCELLO DE
OLEIROS**

NOME ACTIVIDADE:	
Descrición da actividade. Interese e obxectivo que persegue	
Data/s de realización:	
Nº de participantes:	
Orzamento estimativo de gastos:	
Previsión de obtención doutras subvencións:	
Previsión de ingresos propios para a actividade	
Importe de subvención solicitada:	

15

Lugar e data: _____

Sinatura do solicitante

Asdo: _____

Cópiese esta folla tantas veces como sexa necesario

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE. ANO 2019.**FORMULARIO PARA CLUBS DE FÚTBOL.****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

Nome: _____

CIF: _____ Teléfono/s: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Código postal: _____

Nº de inscrición no Rexistro Municipal de Entidades: _____

Número de persoas asociadas á entidade: _____

Enderezo electrónico a efectos de notificacións: _____

DATOS DA SUBVENCIÓN

Presuposto das actividades para as que se solicita subvención: _____

Contía solicitada: _____

Actividades para as que se solicita subvención:

Prioridade	ACTIVIDADE

DATOS DO/DA REPRESENTANTE

Nome e apelidos: _____


N.I.F.: _____ Teléfono/s: _____

Relación coa Entidade : _____

DATOS BANCARIOS

Entidade bancaria: _____

Nº de conta: _____



**CONCELLO DE
OLEIROS**

D/D^a. _____, Presidente da Entidade
_____, **DECLARA:**

1º.- Que no período xaneiro-xuño 2019 (temporada 2018-2019), o club contou cos seguintes equipos:

Categoría	Nº de equipos	Liga na que compite

2º.- Que no período setembro-decembro 2019 (temporada 2019-2020), o club contará cos seguintes equipos:

Categoría	Nº de equipos	Liga na que compite

17

3º.- (No seu caso) Que o segundo equipo que se declara nas categorías alevín, benxamín e pre-benxamín, conta co seguinte número de deportistas federados:

Categoría do 2º equipo	Nº de deportistas
Alevín	
Benxamín	
Pre-benxamín	

4º.- Que a previsión de ingresos e gastos é a seguinte:

Orzamento estimativo de gastos:	
Previsión de obtención doutras subvencións:	
Previsión de ingresos propios para a actividade	
Importe de subvención solicitada:	


Lugar e data: _____

Sinatura do solicitante

Asdo: _____

(Nome, apelidos e cargo na entidade)

Cópiese esta folla tantas veces como sexa necesario



DECLARACIÓN OUTRAS SUBVENCÍONS

Don/Dona _____, con NIF _____
e enderezo en _____
como Presidente da Entidade/Representante do Centro Educativo:

DECLARO:

Que para os mesmos fins para os que solicita a subvención perante o Concello de Oleiros, ao abeiro das bases específicas e convocatoria de subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte – Ano 2019, foron solicitadas as seguintes subvencións:

ENTIDADE	IMPORTE	ESTADO (concedida/denegada/pendente de resolución)

Oleiros, a data _____

Asdo.- _____

FORMULARIO PARA ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, ANPAS, CLUBS DE FÚTBOL, E COMISIÓNS DE FESTAS

Don/Dona _____, con NIF _____
e enderezo en _____, como
SECRETARIO/A da Entidade _____,

CERTIFICO:


1. Que de acordo cos Estatutos da Entidade, a representación da mesma corresponde ao Presidente, D/D^a _____
2. (No seu caso) Que en data _____ foi designado/a como representante da entidade a efectos de tramitación desta subvención D/D^a _____ con DNI _____
3. Que a entidade sinalada contaba a data 1 de xaneiro de 2019 con _____ socios. (Non cubrir este parágrafo as entidades que pidan subvención exclusivamente para a organizacións das festas patronais).

O que se certifica a efectos de solicitar subvención ante o Concello de Oleiros, co visto e prace do presidente da entidade, a _____

Vº e Prace

Asdo. O/a secretario/a

Asdo. O/a presidente



D./D^a. _____, con NIF _____ e
endereço en _____, como
Presidente da Entidade/Director do Centro : _____

DECLARO:

1. Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que non estou incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención previstas no artigo 13 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
2. Que a Entidade que represento se atopa ao corrente nas súas obrigas co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, e que autoriza ao órgano instrutor da subvención para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.
3. Que a entidade por min representada sométese ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Oleiros poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
4. Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Oleiros do xeito establecido nas Bases da convocatoria.
5. Que a entidade por mín representada comprométese a facer en galego a publicidade das actividades para as que solicita subvención.
6. Que todo o persoal que por conta da entidade imparte, realiza ou colabora nas actividades que figuran na solicitude de subvención que impliquen contacto habitual con menores cumpre o requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.
7. Que todos os datos contidos na presente solicitude son certos.

En _____, a _____

Asdo: _____

XUSTIFICACIÓN DE APLICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Don/Dona _____, con NIF _____
e enderezo en _____, como
SECRETARIO/A da Entidade _____,

CERTIFICO:

1º.- Que foron cumpridas as finalidades para as que se concedeu a subvención polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión da cultura e o deporte, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2019, resultando acadados os obxectivos propostos.

2º.- Que as actividades que se detallan a continuación, subvencionadas polo Concello de Oleiros, foron realizadas na súa totalidade:

- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____

3º.- Que para a realización das actividades foron efectuados os gastos que se relacionan e obtidos os ingresos que se detallan nos cadros anexos a esta certificación.

4º.- (No seu caso) Que esta entidade conta co seguinte medio publicitario en Internet: sinalar URL da páxina web, facebook, etc:


Oleiros, a _____

O/a Secretario/a

Asdo. _____

Vº e Prace
O/a Presidente/Director

Asdo. _____



**CONCELLO DE
OLEIROS**

NOME ACTIVIDADE:		
Data/s de realización		
Nº de participantes:		
Gasto realizado na actividade		
Outras subvencións obtidas ou solicitadas:	<i>Entidade</i>	<i>Importe</i>
Ingresos propios obtidos para a actividade (desglosar por conceptos)	<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
Documentos xustificativos de gasto que se aportan		

Marcar a casilla no seguinte caso:

Declaro expresamente que esta actividade non xerou ningún ingreso